

Testamento do Galo de Lavacolla (Santiago), recogido por Eduardo Lence en 1906.

LENCE-SANTAR y GUITIÁN, Eduardo, *Etnografía mindoniense* (edición de Armando Requeixo), Follas Novas, Santiago de Compostela, 2000, pp. 189-190.

*Prestade atenceón, señores,
E tod'o xénero humano,
Que'eiquí se vai espricar
O testamento do galo.*

*Fillo, neto e tartaneto
De un ditosiño galo
Que naceu n-o outeiriño
Aló plo-o mes de mayo.*

*Nacemos catorde hirmaus,
¡Catade que formigueiro!,
Tan xuntos y-apertadiños
Cal niño d'un lagarteiro.*

*Y-a nai foinos arranxando
Con amorío e regalo
E dempois que fomos grandes
Revirinchamos o rabo.*

*Todos se deron a femias
Tan solo eu que salín macho,
Tan rnaliño e ruiño
Según verás n-o relato.*

*Eu, com'era moi alegre,
Poñíame a gamotear
E todos me escoltaban
O meu modo de cantar.*

*Déronme en tomar de teima,
Déronseme en enfadar,
Qu'o raposo me lovase
Ou m'habían de matar.*

*Déronme en botar pragas
E pragas de tal maneira
Que as que botaban o martes,
Caíanme n-a cuarta feira.*